



EN PRIMEIRA PERSOA JOÃO GILBERTO

Elixe música Nacho Taibo, en concreto, a de João Gilberto “a inventar a *Bossa Nova* nos tres primeiros LP e no CD colectivo *Brasil*”. “Brandiño, si?”, brinca, “pois moito me acouga o axuste perfecto do ritmo co seu galego”.

Entrevistamos Xosé Ignacio ‘Nacho’ Taibo (Madrid, 1949), a quen a Asociación de Escritoras e Escritores en Língua Galega (AELG) recoñecerá coa Letra E nunha homenaxe que terá lugar en Oleiros no mes de xuño. Facémolo coa ollada posta na praia de Santa Cristina, no concello en que deu aulas desde 1999 a 2014. Un areal que, na súa mocidade, acubillaba as lecturas de Manuel María ou de Celso Emilio Ferreiro. Deuse a coñecer como escritor con *Os inmortalis*, un libro de relatos aos que seguirían obras como *A enquisa* (Premio Modesto Figueiredo do Pedrón de Ouro na súa primeira edición); *Homes de ningures* (Premio da Crítica); *Informe bestiario* (Premio Carvalho Calero); *Salvador de Occidente* ou, máis recentemente, *Os tres de nunca*. Ten no seu haber moitas máis, mesmo inéditas. Admite sentirse agradecido de que a AELG se lembrase del, “o feito de que me declare escritor significa unha responsabilidade que teño que asumir, e tamén unha alegría”.

De pais galegos, naces e vives en Madrid e non volves a Galiza até os 27. Autodidacta, achégaste á lingua e á cultura galega sen influencia familiar ningunha, alén dos veráns dilatados entre a rúa Real da Coruña e esta praia de Santa Cristina, en Oleiros. Como é ese proceso?

É certo isto que dis. É todo certo. Cando era novo lía aquí, nesta praia, en galego. Lía a Manuel María. E no galego, si, son autodidacta. Meus pais son castelán falantes, mais había unha señora velliña na casa, a ama, que criara a miña nai, que falaba castelán, pero acastropado, e esa señora, digo con todo o cariño do mundo, era analfabeta funcional, lía mal, e recitaba a Rosalía de memoria. É algo que poño como exemplo de como Rosalía calou no pobo, sexa letrado ou iletrado.

Neste contexto, como é o teu achegamento á cultura galega?

NACHO TAIBO

M. OBELLEIRO TEXTO / INÉS LOBATO FOTO

“BUSQUEI SEMPRE A ORIXINALIDADE”

Eu era feliz cando viña no verán. Era feliz en Real [rúa da Coruña] e había outro fenómeno en Real, alí tiña o túnel do tempo porque me metía no século XIX. Vivía nunha casa construída no século XIX, unha casa histórica, a casa de Juana de Vega. As paredes, de madeira, eran do século XIX, vivían persoas nadas no século XIX, os mobles eran do século XIX... pero eu non tiña conciencia diso, nin sequera de estar nunha casa histórica. Diso teño conciencia agora, de vello. Era un mundo completamente diferente ao de Madrid. De feito, a primeira vez que saín da Península Ibérica, crucei o charco, fun ao Perú, en 1982, e creo que o *shock* cultural que tiven foi moi inferior ao que tiña ao vir a finais de xuño en tren; saír dun Madrid tórrido, de tarde, e entrar por Ourense, todo cheo de verdura e néboa, e logo unha Coruña na que viaxaba en lancha. Viña a Santa Cristina en lancha porque a lancha era un medio de transporte normal. Entón era feliz, era outro mundo, e tiña contacto co galego. Na miña familia ninguén falaba galego, mais coñecía xente que era monolingüe en galego. Hoxe en día serían totalmente anticonstitucionais [ironiza]. A min o galego achegábase a esa felicidade. Empecei a ler a Rosalía, un libro que me regalou meu avó, unhas obras completas, edición de Aguilar, dos anos corenta. Nas longas noites de inverno lía a Rosalía e resultábame familiar, non me soaba estraño. E logo empecei a ler máis en galego.

Tamén liches a Cunqueiro. Cando empecei con Cunqueiro, antes lera ese galego hiperexceba da Xeración Nós, que era moi rebuscado e logo cheguei a Cunqueiro e atopei un galego fresco, natural, comprensíbel e nada castelanizado e xa con Cunqueiro espalleime.

Tes apuntado que Madrid anoxábase tanto como o franquismo.

Imos dicir que teño unha xenreira irracional, enfermiza, sobre Madrid. Os meus amigos máis nacionalistas dinme que me paso, e é certo, eu non soporto Madrid, é unha enfermidade que terei que

curar. Estiven indo até hai pouco visitar a miña nai, que morreu o día de Reis, e agora non teño ataduras con Madrid. Teño alí o meu fillo, mais prefiro que veña el, que é máis novo. Cóntoche unha anécdota. Nos últimos anos, nas fins de semana, ía á Porta de Toledo porque na Porta de Toledo aparcaban os camiións do peixe que viñan da Coruña. Apeataba. A Porta de Toledo, en Madrid, cheiraba á Coruña, á Praza da Palloza [na Coruña], que antes estaba chea de redes e cheiraba a mar.

Naquela altura tiveches relación con Ben-Cho-Sey, Celso Emilio, Daniel Cortezón... Que influencia deixaron en ti?

Si, tardiamente. Daniel Cortezón foi moi querido amigo que, desgrazadamente, non recuperei cando vin para aquí, e marchounos. Facía unha literatura moi solitaria e moi meritosa. Contoume cal era a súa pretensión na literatura e quería desempeñar, en canto a teatro histórico, a función de Shakespeare na literatura inglesa. Creo que o conseguiu, pero non se valorou. E a Ben-Cho-Sey, na miña mocidade, non o valoraba o suficiente. E logo tiña a Reimundo Patiño, que foi un amigo da alma. Foi un golpe tremendo para min cando morreu, mais sígoo tendo presente. Amosoume moitas cousas, era un visceral. E Celso Emilio é aparte, porque eu admirábo e lía todos os seus libros, aquí, en Santa Cristina. Era un fan absoluto. Cando mo presentaron, era un rapaz admirador del, podía disolverme de emoción ante el e el daba trato normalísimo a todo o mundo, non ía de figura. Era un home encantador e nada prepotente, non daba leccións de nada.

É Xosé María Álvarez Blázquez quen te anima a publicar o teu primeiro libro, *Os inmortalis*.

Non, contactei eu con el e el recibíume cos brazos abertos. *Os inmortalis*... saíu antes de que morrese Franco.


Dalgún xeito a túa obra representa un boom entre 1975 e 1980 na literatura galega.

A miña literatura nunca representou nada dentro da literatura galega, teño que dicilo obxectivamente ou, cando menos, honradamente. Busquei sempre a orixinalidade, nunca quixen camiñar por onde xa camiñaran outros. Non sei se o conseguín algunha vez, pero nesa época si que gañei algúns concursos, tiven críticas, algunhas moi favorábeis, e estiven un pouco “en palmiñas”, mais seguramente, como me dixo un catedrático o ano que me deron o Premio da Crítica, “é que non había outra” [ri]. A partir de aí xa deixei de estar “en palmiñas”, até hoxe.

Por que?

Esa pregunta fágoma con frecuencia a min mesmo, porque non atopo quen me conteste. O espello non contesta, entre outras cousas, porque non me miro moito ao espello, pero hai ano e medio publiquei unha novela gorda que me aceptou Xerais. Estoulle moi agradecido a Xerais por embarcarse aí, porque supoño que era un risco. A respecto da pregunta anterior, nos primeiros anos a literatura galega non sabía moi ben por onde tirar e vou facer un salto no baleiro: ao mellor alguén decidiu por onde tiña que tirar, pero non sei quen nin con que criterios. Non me atrevo





“TEÑO UNHA OBSESIÓN CO TEMPO”

A historia ocupa un papel importante nas túas obras. A que se debe?

A que teño unha obsesión co tempo. Teño que dicir que Einstein non o explicou ben, e moito menos Hawking. O concepto do tempo que teñen eles é unha cousa etérea e non ten a ver co tempo que a min me preocupa. A min encantárame poder viaxar no tempo, non como outras persoas, que queren viaxar no tempo para gañar quinielas, senón revivir, sempre que tivese camiño de volta, a Roma imperial; ver se realmente Xesucristo existiu, que teño certas dúbidas; coñecer o Rei Arturo e, sobre todo, ir á guerra de Troia. Encantárame ir á guerra de Troia, pero non a que me cortasen a cabeza, senón de espectador. Para iso tería que capar algún dos sentidos, porque o sentido do olfato... nós non poderíamos soportalo. Estou seguro de que non poderíamos soportar os cheiros do ambiente xa da época en que eu nacín.

a sinalar. Teño conciencia clarísima de que non son un autor comercial e nunca quixen selo e iso puido influír moito.

Unha vez levei unha novela gorda a varias editoriais e un rapaz dunha editorial, despois de lela, díxome, bastante nervioso e moi cordialmente, “polo prezo desta novela tan extensa podemos publicar tres libros que se coloquen facilmente no ensino” e

esa declaración tan sincera posibelmente explique moitas cousas. Houbo unha época en que se publicaba demasiado con vistas aos alumnos, e ademais pensando que os alumnos son bobos e que non se lles deben meter nin problemas políticos, nin sociais nin moito menos de sexo na cabeza. Esa época creo que xa pasou hai algúns anos. Hai unha polémica sobre se está infantilizada a literatura galega por isto mesmo que estou dicindo e penso que si, que se infantilizou a narrativa, non toda a literatura, mais iso non explica todo o que se publica actualmente, moitas cousas non se fan con vistas aos alumnos dos institutos.

Encadrarías na Nova Narrativa Galega a túa obra dos primeiros anos?

Son incapaz de encadrar a miña narrativa en ningún sitio e non son a persoa indicada porque son imparcial, pero teño un querido amigo, o xornalista Óscar Iglesias, que me dixo que a miña obra inicial era o final da Nova Narrativa e que non entendía por que non se incluía aí. Iso son palabras del, eu non debo definirme ao respecto.

Que impacto tiveron en ti as os críticos?

Son sensíbel ás críticas, non son indiferente, non paso delas e algunha vez rebótome contra o que considero unha crítica inxusta.

Crítica inxusta chamo á de aquel que non entendeu nada ou a de aquel que aparenta que non leu o texto que está criticando. Creo que son capaz de admitir críticas negativas se me parecen xustas, cando me parecen inxustas rebótome comigo mesmo. Hai algo que me afecta moitísimo máis que unha crítica negativa, e é a ausencia, o silencio total. Unha vez publiquei unha novela bastante gorda, que se chama *A ponliña irlandesa* (Edicións do Castro), e que me deu bastante traballo, non tivo ningunha palabra. Prefiro que me poñan a caldo que ese silencio.

Cres que a túa obra está suficientemente valorada?

Dígocho doutra maneira: teño moita obra inédita. Algunha vez intento colocar algún libro e non atopo moito. Non falo con demasiados editores, mais non me sinto moi acollido polos editores, con excepcións, como Xerais coa miña última novela.

Falamos de *Os tres de nunca*, que narra a historia de tres personaxes que ante a guerra civil española ou a Segunda Guerra Mundial van tomando posicións. Foi quizais a túa novela mellor acollida.

Ti cres? Talvez si. Tivo tres críticas, unha moi contraria e dúas moi favorábeis e tres críticas son moi poucas. Quizais a prensa do país non dá para máis. E despois

“EU NUNCA ESCRIBÍN LIBROS PARA COLOCAR NO ENSINO. PARA MIN SON DOUS COMPARTIMENTOS ESTANCOS QUE SEMPRE INTENTEI SEPARAR”

chamáronme para algúns programas de radio e televisión. Tivo moitísimo máis tratamento mediático que todo o anterior xunto.

Que influencia teñen na túa obra Borges e Cunqueiro?

Total, pero non todo Borges, o Borges fantástico, o matemático... eses relatos que eu chamo etnográficos non me gustan demasiado, só me gusta o castelán. Cunqueiro, na miña opinión, nada por augas semellantes. Aos dous fáltalles o mesmo ingrediente: non lles importaba en absoluto a sociedade en que vivían. Eran moi conservadores.

Estudaches Socioloxía, foi positiva a experiencia?

Estudei Socioloxía desde aquí, por libre. Ía un día ao ano falar cos profesores da Complutense. A carreira era moi fácil, só tiña que facer as lecturas obrigatorias. Se traballase de sociólogo, sería un pésimo sociólogo porque os meus

“HAI ALGO QUE ME AFECTA MOITÍSIMO MÁIS QUE UNHA CRÍTICA NEGATIVA, E É A AUSENCIA, O SILENCIO TOTAL”

coñecementos son escasos. Fixen Socioloxía porque me aburría moito no meu traballo do banco e gustábanme as disciplinas que se impartían no primeiro ano, e por influencia de compañeiros seguí. Grazas a iso puíden entrar de interino no ensino, pero cando poñen por aí que son sociólogo... eu non me considero sociólogo.

Alén da túa faceta de escritor, é fundamental o Nacho Taibo profesor.

Fun moi feliz nese traballo. No IES Xosé Neira Vilas de Perillo estiven desde o ano en que se inaugurou, en 1999, até o ano en que me xubilei, 2014.

Custouche xubilarte?

Non, non. Tiven un tremendo apego e pensei que ía botar moito de menos os alumnos, pero fun un traidor porque me esquecín

rápido deles. No instituto, dando a literatura galega do século XX, nunca citei que eu escribía. Non me parecía ben poñerme ante os alumnos. Non necesitaban o meu nome para aprobar a selectividade porque aparecía moi pouco nos libros de texto, agora xa practicamente nada. Eu nunca escribín libros para colocar no ensino. Para min son dous compartimentos estancos que sempre intentei separar.

É curioso como un autodidacta do galego acaba sendo profesor de Lingua e Literatura Galega. Oxalá as propias galegas e galegos tivéssemos ese aprecio polo idioma.

Preocúpame moitísimo o galego, como a todos os que teñen unha mínima conciencia do idioma. O que está pasando co galego é, sen dúbida, enfatizado polas autoridades. Teño que dicir que é un fenómeno máis da Coruña e arredores que do conxunto de Galiza, sempre que viaxo fóra da Coruña gratificame ver que hai moitas persoas que falan galego.

Só da Coruña?

Vigo igual. Debo dicir que eu á Coruña adóroa e é o amor da miña vida. Ademais, meus pais deixáronme encargado na Coruña, que quede claro. Pontevedra é outro dos meus amores, non teño nada que ver coa cidade de Pontevedra pero estou namorado e débese ao século XV, para min Pontevedra é o século XV e *Salvador de Occidente* pasa en Pontevedra. Paréceme unha cidade estética, moi agradábel e, enriba, ten un alcalde que... Cando mo presentaron, chamei a miña muller e díxenlle “acaban de presentarme a Xesucristo”. Hai xente que di que contenta a dereita, pode ser que a dereita estea contenta de como ten a cidade, e iso é obxectivo, pero eu non vexo que Lores faga ningunha declaración pública que contente a dereita. Conste que antes de Lores xa era un namorado de Pontevedra e do Museo de Pontevedra. A Coruña sigo queréndoa pero non sempre me atopo alí.